



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Aprobación lista de reserva de Auxiliar Administrativo de Administración Xeral, subgrupo C2.

A Oferta Pública de Emprego deste concello para o ano 2020, aprobouse pola resolución da alcaldía número 202/2020 de data 26-03-2020, e publicouse no BOP núm. 57 de 03-04-2020, na que consta un posto de traballo vacante de persoal funcionario, denominado:

Clasificación	Denominación	Núm. vacantes
Subgrupo C2-	Auxiliar Administrativo de Administración Xeral	1

Pola resolución núm. 553/2021 do 01-09-2021 aprobouse a lista definitiva de aspirantes admitidos e nomeouse ao tribunal, convocando aos aspirantes e aos membros do tribunal para a realización do primeiro exercicio, base 7.1.1.1, ás 9 horas do día 15-10-2021.

Pola resolución da Alcaldía núm. 513/2020, de data 12 de agosto de 2020, aprobouse a convocatoria e as bases reguladoras que rexerán o procedemento selectivo para a provisión dunha praza de funcionario/a Auxiliar Administrativo da Administración Xeral, Subgrupo C2, publicándose íntegramente no BOP núm. 139 de 27-08-2020, no DOG núm. 195 do 25-09-2020, no BOE núm. 257 do 28-09-2020, no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal. Advertidos erros nas bases, procedeuse á súa corrección por medio da resolución da Alcaldía núm. 564/2020, do 28-08-2020, publicándose no BOP núm. 144 do 03-09-2020, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios. Pola resolución núm. 553/2021 do 01-09-2021 aprobouse a lista definitiva de aspirantes admitidos e nomeouse ao tribunal, convocando aos aspirantes e aos membros do tribunal para a realización do primeiro exercicio, base 7.1.1.1, ás 9 horas do día 15-10-2021.

Rematado o proceso selectivo o tribunal na reunión celebrada o día 02-12-2021 acordou elevar á alcaldía a súa proposta, e na data de 09-12-2021 ditouse a resolución núm. 810/2021 pola que se aprobou a proposta do tribunal, sendo a súa parte dispositiva do seguinte teor literal:

"PRIMEIRO.- Declarar aprobada, consonte á proposta do tribunal, á aspirante que acadou a maior puntuación D^a. **MARÍA JOSÉ SUEIRO POSE**, DNI ***0578**, con 57 puntos.

SEGUNDO.- Elevar a proposta de formación da lista de reserva consonte á base 10^a do proceso selectivo que estará composta polos aspirantes que superaron os dous exercicios do proceso selectivo, ordeada de xeito decrecente segundo a puntuación obtida:

LISTA RESERVA:

1. **VILANOVA AÑÓN CRISTINA** ****0982**, 43,40 puntos.
2. **RIOS PENA XESÚS MANUEL** ***6739**, 36,90 puntos.
3. **ERMO SÁNCHEZ DANIEL** ***68701**, 32,40 puntos.

CUARTO.- Outorgar un prazo de cinco (5) días naturais á aspirante declarada aprobada e aos aspirantes que superaron os exercicios das probas selectivas e que conformarán a lista de reserva para a presentación da documentación sinalada na base 8 do proceso selectivo.

QUINTO.- Publicar esta resolución na web municipal, sede electrónica e taboleiro de anuncios para xeral coñecemento e dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre."

A base 10 das reguladoras da convocatoria e proceso selectivo establece a formación dunha lista de reserva para posibles substitucións dos candidatos propostos, ordenados de forma decrecente segundo a puntuación obtida, cos que resulten aprobados e non propostos para a cobertura da praza. Os que formen parte da mesma poderán ser chamados (sempre respectando a orde da



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

lista), para cubrir os postos de traballo de Auxiliar Administrativo, obxecto da convocatoria, no caso de renuncia, ou no suposto de producirse unha ausencia, vacante ou baixa de calquera dos postos de traballo de Auxiliar Administrativo do Concello de Ponteceso.

Revisado o expediente consta acreditado o cumprimento do establecido na base 8, relativa á presentación dos documentos esixidos polos aspirantes que superaron os dous exercicios do proceso selectivo, ordeada de xeito decrecente segundo a puntuación obtida, propostos polo tribunal.

Logo de ver a resolución núm. 446/2021 de data 09/07/2021 pola que se prorrogou a bolsa de emprego para os postos de auxiliar administrativo/a, persoal laboral temporal, aprobada inicialmente pola resolución núm. 767/2020 do 01-11-2020, e os contratos que estaban vixentes nesa data polo tempo imprescindible ata a cobertura da praza vacante de funcionario/a auxiliar administrativo de Administración Xeral, Subgrupo C2 e formación e aprobación da lista de reserva que se contempla nas bases do proceso selectivo, cómpre proceder a extinción da bolsa de emprego prorrogada e das contratacións das dúas auxiliares administrativas D^a.Desiree Facal Fuentes e D^a. Ana María Pérez García, as cales rematarán o día 31-01-2022.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobado a lista de reserva prevista na base 10 das reguladoras da convocatoria e proceso selectivo para a cobertura dun posto de funcionario Auxiliar Administrativo de A.X., Subgrupo C2, que establece a formación dunha lista de reserva para posibles substitucións dos candidatos propostos, ordenados de forma decrecente segundo a puntuación obtida, cos que resulten aprobados e non propostos para a cobertura da praza. Os que formen parte da mesma poderán ser chamados (sempre respectando a orde da lista), para cubrir os postos de traballo de Auxiliar Administrativo, obxecto da convocatoria, no caso de renuncia, ou no suposto de producirse unha ausencia, vacante ou baixa de calquera dos postos de traballo de Auxiliar Administrativo do Concello de Ponteceso, consonte á proposta do tribunal:

LISTA RESERVA:

1. VILANOVA AÑÓN CRISTINA ****0982**, 43,40 puntos.
2. RIOS PENA XESÚS MANUEL ***6739**, 36,90 puntos.
3. ERMO SÁNCHEZ DANIEL ***68701**, 32,40 puntos

Segundo.- Publicar na páxina web municipal, taboleiro de anuncios e sede electrónica do Concello de Ponteceso a presente resolución para xeral coñecemento.

Terceiro.- Declarar a extinción da bolsa de emprego, prorrogada pola resolución núm. 446/2021 de data 09/07/2021, para os postos de auxiliar administrativo/a, persoal laboral temporal, aprobada inicialmente pola resolución núm. 767/2020 do 01-11-2020 e das contratacións vixentes das dúas auxiliares administrativas, persoal laboral temporal, D^a.Desiree Facal Fuentes e D^a. Ana María Pérez García, as cales rematarán o día 31-01-2022, procedendo á súa notificación en legal forma.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

concello@ponteceso.r



Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Documento asinado electronicamente polo Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Lois García Carballido, ante min, a secretaria en réxime de acumulación, do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

O alcalde

A secretaria
(en réxime de acumulación)

D. Xosé Lois García Carballido

D^a. María Cristina Varela García

FIRMADO POR Xose Lois García Carballido (FECHA: 14/01/2022 11:09:00)

Cristina Varela García

(FECHA: 14/01/2022 11:08:00)

Decreto Nº: 23/2022 - Fecha de decreto: 14/01/2022

Versión imprimible

CVD: 5bjwzM3tElMvX0q5puvA
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.